Fórum Mundial de Educação
World Education Forum
Forum Mondial de L'éducation
Foro Mundial de Educación

3-30 DECEMBRO 2010

FOR 2010 COMPOSTELA

XACOBEO 10 Galicia

FME WEF

Santiago de Compostela, 10-13 decembro 2010

Foro Mundial de Educación, Investigación e Cultura de Paz

"Non hai camiños para a Paz, a Paz é o Camiño..."
[Mahatma Gandhi]

> Quen organiza?

O **Foro Mundial de Educación Investigación e Cultura de Paz** é un evento enmarcado baixo o paraugas do Foro 2010, un gran contedor de eventos e actividades a nivel mundial ao redor da **Cultura da Paz,** que terán lugar en Santiago de Compostela en decembro de 2010. É unha iniciativa promovida orixinalmente polo **Seminario Galego de Educación para a Paz** e pola **Fundación Cultura de Paz** que conta, desde o seu inicio, co apoio de gran número de organizacións sociais, así como do **Consello Internacional do Foro Mundial de Educación**. Apoiando a iniciativa existe un Comité de Honra, un Comité Organizador de entidades peninsulares e un Subcomité local galego.

SECRETARÍA XERAL DO FORO 2010
Rúa do Valiño, 13-1º
15703 Santiago de Compostela
Teléfonos: 981 554 053 e 981 561 956
www.foro2010.org | paz@sgep.org

INFORMACIÓN ESPECÍFICA SOBRE O FORO MUNDIAL DE EDUCACIÓN:
info@foro2010.org (Tel. 686 021 933)



> Que é o Foro Mundial de Educación

O **Foro Mundial de Educación** (FME) é un movemento pola cidadanía planetaria e polo dereito universal á educación. Constitúese nun espazo de constante diálogo entre todos os que, no mundo globalizado, levan adiante proxectos de educación popular –formal ou informal– e de enfrontamento ao neoliberalismo, sexa en esferas públicas, gobernamentais ou non, colectivas ou de investigación. Está enmarcado no proceso do **Foro Social Mundial** (FSM).

Camiño percorrido. De São Paulo a Galicia pasando por Palestina

O primeiro FME foi realizado en Porto Alegre en outubro de 2001, baixo o tema 'Educación no mundo globalizado'. A sexta edición tivo lugar en Belém do Pará (Brasil) en xaneiro de 2009, coincidindo coa celebración do Foro Social Mundial. Amais destes FME centralizados, existen multitude deles polo mundo, de carácter rexional ou temático.

En 2010, o Consello Internacional do FME, ten na súa axenda tres eventos.

O Foro Mundial de Educación Infantoxuvenil, xa celebrado en Osasco (São Paulo, Brasil) en febreiro; un FME sobre multiculturalidade en Palestina, afinais de outubro; e o FME de Santiago de Compostela.

Por primeira vez en Europa

O Foro Mundial de Educación de **Santiago de Compostela** celebrarase entre o **10 e o 13 de decembro de 2010**, dentro dos eventos programados baixo o paraugas do Foro 2010 <http://www.foro2010.org>. Terá carácter temático, de xeito que **as actividades autoxestionadas ao seu redor xiraran en torno á educación, a investigación e a cultura de paz**.

É a primeira vez que o Foro Mundial de Educación chega a Europa, coincidindo ademais co 10º aniversario do Foro Social Mundial (FSM).

A metodoloxía do Foro Mundial de Educación

Como todos os Foros adsquitos ao FSM, o FME funciona de maneira autoxestionada e autoorganizada, polo que existen cotas de inscrición para garantir o maior autofinanciamento posíbel.

Ademais, as actividades a desenvolver –e os seus formatos– son propostas polas organizacións participantes.

> Como participar no FME 2010?

1. SOBRE A ASISTENCIA AOS EVENTOS

- Para a participación nas actividades e eventos programados o Comité Organizador estableceu unhas cotas de inscrición, ben para asistir a todos os eventos do Foro 2010, **ou ben para asistir ao Foro Mundial de Educación** e cada un dos Congresos Académicos por separado.

- **A inscrición para calquera dos eventos do Foro 2010 rematará o 1 de novembro de 2010**.
- As inscricións fanse de xeito individual –con descontos para grupos–, indicando, se é o caso, o colectivo ao que pertence cadaquén.
- **Homologación e recoñecemento académico:** están solicitados créditos formativos ás tres universidades e a Consellería de Educación.

Cotas de Inscrición

Para **países do Norte xeopolítico**: da OCDE (Alemaña, Australia, Austria, Bélxica, Canadá, Dinamarca, España, Estados Unidos, Finlandia, Francia, Grecia, Holanda, Irlanda, Islandia, Italia, Xapón, Luxemburgo, Noruega, Nova Zelandia, Portugal, Reino Unido, Suecia, Suíza); exceptuando Corea do Sur, México e Leste Europeo.

- Inscrición global individual para todo o Foro 2010: 150 €
- Inscrición individual só para o Foro Mundial de Educación: 75 €

Para **os demais países**:

- Inscrición global individual para todo o Foro 2010: 60 €
- Inscrición individual só para o Foro Mundial de Educación: 15 €

As inscricións de 5 ou máis membros dunha mesma organización terán un 30% de desconto.

Na web do Foro 2010 existe un espazo para realizar as incricións: www.foro2010.org

2. SOBRE A PROPOSTA DE ACTIVIDADES AUTOXESTIONADAS PARA O FORO MUNDIAL DE EDUCACIÓN

O FME organízase fundamentalmente con actividades autoxestionadas propostas polos colectivos participantes.

Pódense presentar propostas até o 30 de xuño dende a web do foro, mais a organización invita a facelo canto antes.

- As actividades poden ter **calquera formato** (mesas redondas, conferencias, testemuños, obradoiros, etc.) e deben estar encadradas nun dos **4 eixos temáticos do FME: Cultura de Paz, Educación para a Paz, Investigación para a Paz e Alianza de Civilizacións e Obxectivos do Milenio**. Para coñecer os eixos temáticos máis polo miúdo pódese consultar a web do foro no espazo do FME: www.foro2010.org

- Rematado o prazo de achega de propostas, establécese outro que ten por misión **pór en contacto a organizacións que queiran refundir propostas similares**. Con isto preténdense optimizar espazos e favorecer a presentación de actividades consorciadas entre colectivos.
- **En setembro** publicarase **o programa definitivo**.

- Unha vez decidido este, se a súa proposta foi aceptada, débese pagar **unha taxa que axuda á autoxestión financeira do Foro** (100 € por actividade para colectivos do Norte xeopolítico e 40 € para os do Sur). Hai que ter en conta que esta taxa pode compartirse entre colectivos que presenten actividades consorciadas.

- En resumo, os participantes son quen propoñen as actividades e os seus formatos. Os responsábeis das actividades son tamén os responsábeis do seu desenvolvemento durante o FME e o Comité Organizador proporciona espazos, algúns materiais, as inclúe no programa impreso e as publicita.

- **Para presentar propostas de actividades, a persoa responsábel debe tamén inscribirse como participante do FME**.

> Colectivos ao redor do Foro

Apoiando a iniciativa existe un Comité de Honra (consultar web), un Comité Organizador de entidades peninsulares e un Subcomité local galego. Na organización do Foro están inmersos os seguintes colectivos (orde alfabética): ALTERMUNDO; ASOCIACIÓN ESPAÑOLA PARA EL DERECHO INTERNACIONAL DE LOS DERECHOS HUMANOS (AEDIDH); ASOCIACIÓN PRO DERECHOS HUMANOS (APDH); BAKETIK; CAMPAÑA MUNDIAL POLA EDUCACIÓN; CÁTEDRA UNESCO. CENTRO INTERNACIONAL DE PAZ Y DESARROLLO-UNIVERSIDAD JAUME I CASTELLÓN; CCOO ENSINO; CEIPAZ e AIPAZ; CENTRO DE ESTUDOS SOCIAIS-UNIVERSIDADE DE COIMBRA; CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA; CENTRO DE INVESTIGAÇÃO EN EDUCAÇÃO-FAC. CIÊNCIAS. UNIVERSIDADE DE LISBOA; CENTRO DE INVESTIGACIÓN PARA LA PAZ, CIP-ECOSOCIAL; CENTRO UNESCO DE LA COMUNIDAD DE MADRID; CIG-ENSINO; COLEXIO DE EDUCADORES E EDUCADORAS SOCIAIS DE GALICIA; COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA; COMISIÓN POLA RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA DA CORUÑA; CONFEDERACIÓN DE STEs; CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG); COORDINADORA GALEGA DE ONGDs; DIRECCIÓN DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS DA XUNTA DE GALICIA; ESCOLA VIVA; FETE-UGT; FORO GALEGO DE INMIGRACIÓN; FUNDACIÓ CULTURA DE PAU BARCELONA; FUNDACIÓ PER LA PAU; FUNDACIÓN CIENCIAS DE LA DOCUMENTACIÓN; FUNDACIÓN CULTURA DE PAZ; FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE; FUNDACIÓN SIP-CENTRO PIGNATELLI DE ZARAGOZA; FUNDACIÓN VALORES; GERNIKA GOGORATUZ; IGADI; IGESIP-CENTER FOR GLOBAL NONKILLING; INSTITUT CATALÁ INTERNACIONAL PER LA PAU; INSTITUTO DE PAZ Y CONFLICTOS-UNIVERSIDAD DE GRANADA; MÉDICOS DO MUNDO; OSPAAAL GALICIA; RED ESCUELA ESPACIO DE PAZ; REVISTA ESCUELA; SECRETARÍA EXECUTIVA DO CONSELLO INTERNACIONAL DO FORO MUNDIAL DE EDUCACIÓN; S.N. DE CCOO DE GALICIA; SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ; STEG; UGT-GALICIA; UNESCO ETXEA; UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA; XENEME...

A composición dos Comités Organizadores está aberta á incorporación de máis entidades. Para isto deben contactar coa Secretaría Xeral do Foro.

> Máis información do Foro 2010?

SECRETARÍA XERAL DO FORO 2010
Rúa do Valiño, 13-1º
15703 Santiago de Compostela
Teléfonos: 981 554 053 / 981 561 956
www.foro2010.org | E-mail: paz@sgep.org

INFORMACIÓN SOBRE O FORO MUNDIAL DE EDUCACIÓN
info@foro2010.org (Tel. 686021933)

